

**CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**NOVAS**

**NOTA INFORMATIVA DO 16 DE NOVEMBRO DE 2021.**

**PUBLICACIÓN DA PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE BAREMACIÓN DAS LISTAXES DE ALUMNADO SELECCIONADO, SUPLENTE E EXCLUIDO DAS PRAZAS PARA A PARTICIPACION NO PROGRAMA MUNICIPAL “VIGO EN INGLES 2020”.**

Prezada familia, trala paralización temporal ocasionada pola crise sanitaria da Covid-19 e a mellora da situación sanitaria, o Concello de Vigo reanuda o programa “Vigo en Inglés 2020”, polo que o martes 16/11/2021 publicouse a 1ª Acta da Comisión de Valoración coa proposta de resolución provisional de baremación das listaxes de alumnado seleccionado, suplente e excluído das prazas para a participación no programa educativo municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2020” (Expte. 24174-332); coa previsión de poder realizar as estadias lingüísticas nas mellores condicións de saúde e seguridade para os 750 alumnos/as beneficiarios/as preferentemente a finais de xuño e ao longo do mes de xullo de 2022, cando previsiblemente se teña normalizado a situación sanitaria, para a realización desta experiencia lingüística internacional de xeito óptimo e seguro.

Conforme ao contido das bases da convocatoria, determínase que por procedemento ordinario todos aqueles interesados/as contarán cun periodo de 10 días hábiles contados a partires do día seguinte á publicación desta acta nas webs <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <http://www.vigoeningles.org> , é dicir do mércores 17 ao martes 30 de novembro, para a presentación de reclamacións ou emenda de erros advertidos.

**NESTE INTRE NON HAI QUE ENTREGAR NINGÚN ANEXO DE ACEPTACIÓN PRAZA NIN EFECTUAR PAGAMENTO ALGÚN**

Con posterioridade á resolución das reclamacións achegadas, estes listados provisionais serán elevados á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación definitiva por parte deste órgano competente, e será “logo desta aprobación definitiva da concesión das prazas”, cando o Servizo Municipal de Educación comunicará no seu intre e con antelación suficiente a todos os beneficiarios/as, o proceso concreto para achegar o anexo de aceptación ou renuncia de praza e proceder naqueles casos que esté determinado a efectuar o pagamento da contía asignada correspondente de achega familiar.